

## **PLAN DE ENSINO NON PRESENCIAL CEIP TORRE ILLA**

### **HORARIO “ESPELLO” DO CEIP TORRE ILLA PARA OS SUPOSTOS DE ENSINO A DISTANCIA**

Segundo a Resolución conxunta da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaria Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19, débese garantir o dereito a educación do alumnado que como consecuencia da evolución da pandemia debe permanecer confinado nos seus fogares como consecuencia do peche da aula de referencia, do nivel educativo, ou do centro no que está escolarizado, polo que o centro debe incorporar ao Plan de Continxencia previsto no apartado 10.5 do “Protocolo de adaptación ao contexto da Covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021” as medidas recollidas no anexo que as acompaña, entre as que figura a planificación horaria do profesorado do grupo co alumnado, que reflecta un horario semellante o establecido de modo presencial (“horario espello”).

O horario, aprobado inicialmente pola dirección do centro, é un reflexo dos horarios presenciais do CEIP Torre Illa, e respetan proporcionalmente a carga lectiva de cada área. Están organizados tendo en conta as características do traballo telemático, tentando manter unha dinámica de traballo o máis axeitada posible cunha proposta de traballo que permita optimizar os momentos de traballo individual e as docencias do profesorado, mantendo un 60% de docencia e un 40% de traballo individual, e onde se garanta a interacción diaria entre mestras/es e o alumnado.

## HORARIO EDUCACIÓN INFANTIL

### HORARIO 4º DE EDUCACIÓN INFANTIL

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:15	Tarefas globalizadas	Tarefas globalizadas	Tarefas globalizadas	Tarefas globalizadas	Tarefas globalizadas
10:00	Docencia globalizada	Docencia globalizada	Docencia globalizada	Docencia globalizada	Docencia globalizada
11:45	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso
12:15	Tarefas e docencia <b>psicomotricidade</b>	Docencia globalizada	Tarefas e docencia <b>música</b>	Tarefas e docencia <b>Lingua Inglesa</b>	Tarefas e docencia <b>Relixión/ Valores</b>
13:20	Tarefas globalizadas	Tarefas globalizadas	Tarefas globalizadas	Tarefas globalizadas	Tarefas globalizadas
16:00-17:00		Titorías			

### HORARIO 5º-6º DE EDUCACIÓN INFANTIL

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:15	Tarefas globalizadas	Tarefas globalizadas	Tarefas globalizadas	Tarefas globalizadas	Tarefas globalizadas
10:00	Docencia globalizada	Docencia globalizada	Docencia globalizada	Docencia globalizada	Docencia globalizada
11:45	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso
12:15	Docencia globalizada	Tarefas e docencia <b>Relixión/ Valores</b>	Tarefas e docencia <b>música</b>	Tarefas e docencia <b>Lingua Inglesa</b>	Tarefas e docencia <b>Psicomotricidade</b>
13:20	Tarefas globalizadas	Tarefas globalizadas	Tarefas globalizadas	Tarefas globalizadas	Tarefas globalizadas
16:00-17		Titorías			

## HORARIO EDUCACIÓN PRIMARIA

### HORARIO 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:15	Tarefas <b>CC. Naturais</b>	Tarefas <b>L. Castelá</b>	Tarefas <b>CC. Sociais</b>	Tarefas <b>L. Galega</b>	Tarefas <b>Matemáticas</b>
10:00	Docencia <b>CC. Naturais</b>	Docencia <b>L. Castelá</b>	Docencia <b>CC. Sociais</b>	Docencia <b>L. Galega</b>	Docencia <b>Matemáticas</b>
10:45	Tarefas <b>CC. Naturais</b>	Tarefas <b>L. Castelá</b>	Tarefas <b>CC. Sociais</b>	Tarefas <b>L. Galega</b>	Tarefas <b>Matemáticas</b>
11:45	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso
12:15	Docencia <b>L. Inglesa</b>	<b>Reforzo e ampliación</b> L. Castelá	<b>Reforzo e ampliación</b> Matemáticas	<b>Reforzo e ampliación</b> L. Galega	<b>Reforzo e ampliación</b> Matemáticas
13:15	Tarefas <b>L. Inglesa</b>	Tarefas e docencia <b>Música</b>	Tarefas e docencia <b>Relixión/ Valores</b>	Tarefas e docencia <b>E. Física</b>	<b>Plástica SB</b> Tarefas e docencia
16:00-17:00		Titorías			

### HORARIO 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:15	Tarefas <b>Matemáticas</b>	Tarefas <b>CC. Naturais</b>	Tarefas <b>L. Castelá</b>	Tarefas <b>CC. Sociais</b>	Tarefas <b>L. Galega</b>
10:00	Docencia <b>Matemáticas</b>	Docencia <b>CC. Naturais</b>	Docencia <b>L. Castelá</b>	Docencia <b>CC. Sociais</b>	Docencia <b>L. Galega</b>
10:45	Tarefas <b>Matemáticas</b>	Tarefas <b>CC. Naturais</b>	Tarefas <b>L. Castelá</b>	Tarefas <b>CC. Sociais</b>	Tarefas <b>L. Galega</b>
11:45	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso
12:15	<b>Reforzo e ampliación</b> Matemáticas	Docencia <b>L. Inglesa</b>	<b>Reforzo e ampliación</b> L. Castelá	<b>Reforzo e ampliación</b> Matemáticas	<b>Reforzo e ampliación</b> L. Galega
13:15	<b>Plástica SB</b> Tarefas e docencia	Tarefas <b>L. Inglesa</b>	Tarefas e docencia <b>Música</b>	Tarefas e docencia <b>Relixión/ Valores</b>	Tarefas e docencia <b>E. Física</b>
16:00-17:00		Titorías			

### HORARIO 3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:15-9:45	Docencia <b>L. Galega</b>	Docencia <b>Matemáticas</b>	Docencia <b>L. Inglesa</b>	Docencia <b>L. Castelá</b>	Docencia <b>CC Sociais</b>
9:45-11:00	Tarefas <b>L. Galega</b>	Tarefas <b>Matemáticas</b>	Tarefas <b>L. Inglesa</b>	Tarefas <b>L. Castelá</b>	Tarefas <b>CC Sociais</b>
11:00-12:00	Docencia <b>L. Galega</b>	Docencia <b>Matemáticas</b>	Docencia <b>L. Inglesa</b>	Docencia <b>L. Castelá</b>	Docencia <b>CC Sociais</b>
12:00-12:30	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso
12:30-13:25	<b>Reforzo e ampliación</b> L. Galega	<b>Reforzo e ampliación</b> Matemáticas	<b>Reforzo e ampliación</b> CC. Naturais	<b>Reforzo e ampliación</b> L. Castelá	<b>Reforzo e ampliación</b> CC Sociais
13:25-13:50	Docencia <b>E. Física</b>	Docencia <b>Relixión/ Valores</b>	Docencia <b>CC. Naturais</b>	Docencia <b>Música</b>	Docencia <b>SB Plástica</b>
13:50-14:15	Tarefas <b>E. Física</b>	Tarefas <b>Relixión/ Valores</b>	Tarefas <b>CC. Naturais</b>	Tarefas <b>Música</b>	Tarefas <b>SB Plástica</b>
16:00-17:00		Titorías			

### HORARIO 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:15-9:45	Docencia <b>CC Sociais</b>	Docencia <b>L. Galega</b>	Docencia <b>Matemáticas</b>	Docencia <b>L. Inglesa</b>	Docencia <b>L. Castelá</b>
9:45-11:00	Tarefas <b>CC Sociais</b>	Tarefas <b>L. Galega</b>	Tarefas <b>Matemáticas</b>	Tarefas <b>L. Inglesa</b>	Tarefas <b>L. Castelá</b>
11:00-12:00	Docencia <b>CC Sociais</b>	Docencia <b>L. Galega</b>	Docencia <b>Matemáticas</b>	Docencia <b>L. Inglesa</b>	Docencia <b>L. Castelá</b>
12:00-12:30	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso
12:30-13:25	<b>Reforzo e ampliación</b> Matemáticas	<b>Reforzo e ampliación</b> L. Galega	<b>Reforzo e ampliación</b> Matemáticas	<b>Reforzo e ampliación</b> CC. Naturais	<b>Reforzo e ampliación</b> L. Castelá
13:25-13:50	Docencia <b>Relixión/ Valores</b>	Docencia <b>E. Física</b>	Docencia <b>SB Plástica</b>	Docencia <b>CC. Naturais</b>	Docencia <b>Música</b>
13:50-14:15	Tarefas <b>Relixión/ Valores</b>	Tarefas <b>E. Física</b>	Tarefas <b>SB Plástica</b>	Tarefas <b>CC. Naturais</b>	Tarefas <b>Música</b>
16:00-17:00		Titorías			

## HORARIO 5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:15-9:45	Docencia <b>L. Castelá</b>	Docencia <b>CC Sociais</b>	Docencia <b>L. Galega</b>	Docencia <b>Matemáticas</b>	Docencia <b>L. Inglesa</b>
9:45-11:00	Tarefas <b>L. Castelá</b>	Tarefas <b>CC Sociais</b>	Tarefas <b>L. Galega</b>	Tarefas <b>Matemáticas</b>	Tarefas <b>L. Inglesa</b>
11:00-12:00	Docencia <b>L. Castelá</b>	Docencia <b>CC. Sociais</b>	Docencia <b>L. Galega</b>	Docencia <b>Matemáticas</b>	Docencia <b>L. Inglesa</b>
12:00-12:30	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso
12:30-13:25	<b>Reforzo e ampliación</b> L. Castelá	<b>Reforzo e ampliación</b> Matemáticas	<b>Reforzo e ampliación</b> L. Galega	<b>Reforzo e ampliación</b> Matemáticas	<b>Reforzo e ampliación</b> Matemáticas
13:25-13:50	Docencia <b>Música</b>	Docencia <b>SB Plástica</b>	Docencia <b>E. Física</b>	Docencia <b>Relixión/ Valores</b>	Docencia <b>CC. Naturais</b>
13:50-14:15	Tarefas <b>Música</b>	Tarefas <b>SB Plástica</b>	Tarefas <b>E. Física</b>	Tarefas <b>Relixión/ Valores</b>	Tarefas <b>CC. Naturais</b>
16:00-17:00		Titorías			

## HORARIO 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:15-9:45	Docencia <b>L. Inglesa</b>	Docencia <b>L. Castelá</b>	Docencia <b>CC Sociais</b>	Docencia <b>L. Galega</b>	Docencia <b>Matemáticas</b>
9:45-11:00	Tarefas <b>L. Inglesa</b>	Tarefas <b>L. Castelá</b>	Tarefas <b>CC Sociais</b>	Tarefas <b>L. Galega</b>	Tarefas <b>Matemáticas</b>
11:00-12:00	Docencia <b>L. Inglesa</b>	Docencia <b>L. Castelá</b>	Docencia <b>CC. Sociais</b>	Docencia <b>L. Galega</b>	Docencia <b>Matemáticas</b>
12:00-12:30	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso
12:30-13:25	<b>Reforzo e ampliación</b> Matemáticas	<b>Reforzo e ampliación</b> L. Castelá	<b>Reforzo e ampliación</b> Matemáticas	<b>Reforzo e ampliación</b> L. Galega	<b>Reforzo e ampliación</b> Matemáticas
13:25-13:50	Docencia <b>CC. Naturais</b>	Docencia <b>Música</b>	Docencia <b>SB Plástica</b>	Docencia <b>E. Física</b>	Docencia <b>Relixión/ Valores</b>
13:50-14:15	Tarefas <b>CC. Naturais</b>	Tarefas <b>Música</b>	Tarefas <b>SB Plástica</b>	Tarefas <b>E. Física</b>	Tarefas <b>Relixión/ Valores</b>
16:00-17:00		Titorías			

**Os horarios de Educación Infantil, 1º e 2º de Educación Primaria** servirán de referencia horaria na organización das diferentes especialidades, e aplicarase con flexibilidade os tempos recollidos nos mesmos segundo o estipulen as titoras dos grupos, que deberán facelo coa suficiente antelación para permitir unha planificación axeitada das familias, xa que son mediadoras necesarias nestas idades.

**Os horarios de 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria do CEIP Torre Illa serán de obrigado cumprimento.** O alumnado do grupo deberán conectarse nas horas que o cadro horario establece as docencias. No tempo adicado a tarefas o alumnado desenvolvera as tarefas indicadas e as entregará a través do seu curso na Aula Virtual do centro. O profesorado titor de cada grupo fará un rexistro diario do control de asistencia, principalmente a través da conxión á propia Aula Virtual, ou ben a través da ferramenta corporativa alternativa que esté utilizando.

**O alumnado de é titular dos mesmos dereitos e deberes no ensino non presencial, e, polo tanto, está obrigado participar nas clases non presenciais con aproveitamento e sometido ás mesmas normas de convivencia, independentemente da situación de peche ou confinamento.**

De producirse o peche ou confinamento, o profesorado continuará co seu labor docente de acordo co previsto no apartado 30 do Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 ( Normas específicas relativas a metodoloxías na aula e programacións) e no apartado 3 das *Instrucións do 30 de xullo 2020*. Garantirase en todo momento a atención á diversidade do alumnado para o cal se disporán os recursos organizativos e didácticos necesarios que, con carácter individualizado, respondan ás súas necesidades, con especial atención as adaptacións curriculares e aos protocolos de atención á diversidade, de ser o caso.

A atención ao alumnado que deba permanecer en illamento, mesmo cando non se produza o peche ou confinamento da aula ou centro, responderá ao previsto con carácter xeral no artigo 25 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación así como no apartado 3 do Protocolo de atención educativa domiciliaria.

Para facilitar o seguemento por parte do alumnado e das familias do horario que establece o presente plan, o profesorado asegurará unha estrutura dos cursos nos que o alumnado está matriculado na Aula Virtual do CEIP Illa terá a mesma correspondencia.

**1. Docencia Inicial:** A docencia das diferentes áreas do horario de cada grupo de referencia poderá realizarse de xeitos diferentes:

- a) Foro de benvida cunha pequena explicación da tarefa a realizar, na que o alumnado pode participar se é preciso.
- b) Enlace a unha URL externa ao blog da mestra/e ou a outra plataforma na que se recolla a explicación precisa e a información necesaria das tarefas a desenvolver.
- c) Videoconferencia a través das aplicacións corporativas, con previa comunicación do enlace da reunión.
- d) Videos e videotutoriais seleccionados polos mestres/as, ou grabacións das sesións de docencia na propia Aula Virtual.

Para poder realizar o control de asistencia, é preciso que o alumnado entre á Aula Virtual e dende alí acceda aos enlaces externos (se é o caso), e non o faga directamente ao blog ou recursos utilizados polo profesorado.

**2. Tarefas da área:** Este tempo será o indicado para que o alumnado realice as tarefas propostas e as entregue na Aula Virtual. Poderá tratarse de actividades interactivas na propia Aula Virtual, actividades a realizar noutros soportes ou propostas de traballo a longo prazo que non requiran unha entrega inmediata. Estes aspectos serán determinados por cada mestra/e e indicados nas tarefas.

**3. Docencia final:** Esta docencia servirá para comprobar as dificultades atopadas durante a realización das tarefas, así como para comprobar o grado de adquisición das aprendizaxes propostas por parte do alumnado, e seguir avanzando na programación académica con un afianzamento axeitado. Poderá desenvolverse de xeito grupal ou individual, segundo o estableza o mestre/a na propia Aula Virtual previamente, podendo realizarse por algún dos seguintes medios:

- a) Foro de debate ou de entrega pública das tarefa, realizando as aclaracións pertinentes aos comentarios do alumnado, e aproveitando as intervencións de todo o alumnado do grupo para mellorar a interacción e enriquecer o resultado da tarefa proposta.

- b) Mensaxería da propia Aula Virtual: Esta opción servirá para facer apuntamentos da tarefa entregada ou preguntar cuestións ao alumnado de xeito individual.
- c) Visionado de videos para lembrar os aspectos traballados na xornada.
- d) Videoconferencia a través dos medios corporativos.
- e) Facer aclaracións ás tarefas entregadas e ás cualificacións postas a través da Aula Virtual.

**4. Actividades de “Reforzo e ampliación”:** As actividades serán propostas polo profesorado titor, polo profesorado especialista do DO ou polo profesorado ARCO. O profesorado titor indicará ao alumnado as actividades que debe realizar, en coordinación co resto do profesorado do equipo docente, en cada unha das sesións de “Reforzo e ampliación”. As actividades propostas serán realizadas e avaliadas polo profesorado nos cursos de referencia nos que se propuxeron.

As NOFC recollerán as normas que se deriven da aplicación do presente plan logo das propostas dos diferentes equipos docentes do centro e da aprobación inicial pola dirección do centro.